



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Cachadita e Aspra

COMUNIDAD PROPIETARIA

SETADOS

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Setados

NEVES, AS

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

VOCALIS

D. Luis M^a Muíños Vidueira.
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).
Dña. Isabel Catoira Lamela.
(Avogado polo Colexio da provincia).
D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

**VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE SETADOS DO CONCELLO
DE AS NEVES.**

D. Enrique Fernández Barbeito.
D. José Pinto Iglesias.

SECRETARIA

D^a. M^a José León Gómez.
(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintenove de novembro do 2000, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Cachadiña e outros" da parroquia de Setados do concello de As Neves.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Presidente da Comunidade de Montes da parroquia de Setados do concello de As Neves, solicitouse en data 31/05/94, a clasificación como veciñais en man común dos montes Cachadiña, Cruceiro, Aspra e A Lagoa.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 04/04/95 acordou iniciar os trámites para a clasificación dos referidos montes, así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes e Industrias Forestais da entóns Delegación Provincial de Agricultura, Gandería e Montes de Pontevedra para o seu estudo e informe, nomeándose Instructor do expediente a D. José Luis Díez Yáñez.

TERCEIRO.- Asímesmo, e de conformidade co artigo 21 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, solicitouse a certificación de cargas ó correspondente Rexistro da Propiedade, a cal foi recibida con data 20/03/00 facendo constar que as referidas parcelas non figuran inscritas a favor de persona algunha.

CUARTO.- Asímesmo, e con estricta observancia dos trámites previstos no artigo 23 do citado Decreto 260/1992, procedeuse á apertura do trámite de audiencia formulándose, por parte do Concello de As Neves, as alegacións que se consideraron oportunas.

QUINTO.- Os montes Cachadiña, Cruceiro, Aspra e A Lagoa, obxecto do presente expediente de clasificación, suponen, segundo a solicitude presentada, unha cabida total de 13,5 Has que se define da seguinte forma:

- Monte Cachadiña: 3,5 Has.
- Monte Cruceiro: 1,7 Has.
- Monte Aspra: 1,8 Has.
- Monte A Lagoa: 6,5 Has.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- En relación co MONTE "A LAGOA", a Comunidade que demanda a presente clasificación ten xa clasificadas con data 05/12/80 catro parcelas coa denominación "Montes de Setados" cunha superficie total aproximada de 30 Has., e unha destas parcelas corresponde na súa localización co mesmo lugar donde se solicita agora a clasificación da parcela "A Lagoa", polo que a mesma se considera xa clasificada como vecinal en man común.

2.- Polo que afecta ó "MONTE CACHADIÑA", situado na parte norte da parroquia, delimitase de acordo coa seguinte descrición:

CABIDA: 2,48 Has.

LINDES:

NORTE: Camiño de vai de Pedrouzán a Carboeira e peche cun muro de pedra granítica que cerra coas propiedades particulares.

SUR: Camiño de Pedrouzas a Castro, con peche con muros e marcos que delimitan as propiedades particulares.

LESTE: Con muros de pedra e marcos que van delimitando as propiedades particulares de Dña. Marina Barbeitos Pérez, D. Benito Durán Loureiro, D. José Pérez Domínguez, D. Manuel Durán Pérez, Herdeiros de Catalina Alonso, D. Antonio Durán Araujo, D. Fernando Domínguez Durán e D. Enrique Fernández Barbeito

OESTE: Muros de pedra granítica e marcos das propiedades particulares de D. Fernando Domínguez Durán, D. Manuel Iglesias Rodríguez, D. Antonio Rincón Ubeira e Dña. Rosa Ubeira.

DESCRIPCIÓN: Este monte atópase atravesado pola estrada de Pedrouzán a Rochiña e por unha liña eléctrica de A.T. cunha torre de sustentación dentro do monte.

Próponse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

3.- No que refire ó "**MONTE DOS CRUCEIROS OU FRAGA**", situado na parte central da parroquia preto do lugar de Lamela, delimitase de acordo coa seguinte descripción:

CABIDA: 1,7511 Ha.

LINDES:

NORTE: Propiedade de D. Severo Fernández Alonso e Dña. María Vilas Rincón, pechando a primeira con marcos de formigón e a segunda con muro de pedra en formación de madarrón.

SUR: Estrada de Framil a Santa Eugenia de Setados, con muros de pedra granítica e marcos.

LESTE: Con marcos que delimitan as propiedades particulares de D. Severo Iglesias Rodríguez, D. Manuel Durán Pérez, D. Manuel Pintos Iglesias, D. Adolfo Pintos Lima e Herdeiros de Celestino Durán.

OESTE: Coa propiedade particular de Dña. María Vilas Rincón, pechada con muro-madarrón, e estrada de Santa Eugenia de Setados e Lamela.

DESCRIPCIÓN: Este monte atópase na actualidade con instalacións dun colexio de Primaria (S=245 m²), con campo de fútbol (S=2.600 m²), área de xogos infantís (S=1.200 m²), camiños e estradas (S=2.230 m²) e o resto considerado área de expansión (S=11.190 m²), resultando un total de 17.511 m².

Próponse a non clasificación por non quedar demostrado o aproveitamento veciñal.

4.- Finalmente e en relación co "**MONTE ASPRA**", situado preto de Santa María de Setados, defínese de acordo coa seguinte descripción:

CABIDA: 1,76 Has.

LINDES:

NORTE: Con camiño de acceso a propiedades particulares de Dña. Encarnación Pérez, Dña. Rosa Faxarela, D. José Iglesias Rodríguez, D. Severo Iglesias Rodríguez e D. Antonio Rincón.

SUR: Río Termes.

LESTE: Río Termes.

OESTE: Propiedades particulares de Dña. María Oubeira Doales, D. Manuel Oubeira Doales e muro que as pecha.

DESCRIPCIÓN: Atópase pechado por muros de pedra granítica que delimitan as propiedades particulares, madarróns, marcos e río Termes. Existen tres muíños en ruínas, nomeados Muíño da Buraquiña, Muíño do Xabán e Muíño do Severo.

Propónse a súa clasificación por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

5.- En consideración ó exposto, e de conformidade co sinalado no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".


En consecuencia, vistos os preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

1º.-Clasificar como veciñais en man común a favor dos veciños da parroquia de Setados do concello de As Neves os montes "Cachadiña" e "Aspra" por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descrición sinalada no fundamento de dereito segundo para o Monte Cachadiña, e no fundamento de dereito cuarto para o monte Aspra.

2º.- Non clasificar como veciñais en man común os montes "A Lagoa" e "Monte dos Cruceiros ou Fraga" por atoparse xa clasificado o primeiro como veciñal en man común por acordo do Xurado de data 05/12/80 a favor dos veciños da parroquia de Setados do concello de As Neves, e por non quedar demostrado o aproveitamento veciñal no que afecta ó segundo.

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Three handwritten signatures in black ink, likely representing the members of the Provincial Jury of Classification of Neighboring Mountains.



Para os efectos previstos na Disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade ao acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada dos montes veciñais denominados "Setados, Cachadiña e Aspra" da Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Setados, no concello das Neves (Expediente: RE22011).

O 06.12.2023 o Servizo de Montes desta Xefatura Territorial emite o seguinte informe:

"Feitos:

Primeiro. O 30.08.2022 e número 2022/2150420 a Comunidade de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Setados solicita a revisión do esbozo dos montes de "Setados" (Resolución de clasificación do 05.12.80), "Cachadiña" e "Aspra" (Resolución de clasificación do 29.11.00). A dita solicitude deu lugar a apertura do expediente RE22011. Consta no expediente:

- Memoria técnica da revisión do esbozo dos montes Setados, Cachadiña e Aspra de agosto do 2022. Asinada polo enxeñeiro forestal núm. 883 do COETF de Galicia e modificada en decembro do 2023.
- Certificado do secretario coa conformidade do presidente da CMVMC de Setados do 22.11.2023 da aprobación en asemblea do 19.11.2023.
- Cartografía en formato dixital.

Segundo a memoria técnica levouse a cabo un levantamento topográfico das parcelas con GPS de precisión centimétrica no que se percorreu todo o perímetro con varios membros da xunta reitora, durante o percorrido detectaron marcos de todo o perímetro e encravados, a maior parte do perímetro está delimitado por muros que o separan das propiedades privadas. Xustifican a necesidade da revisión do esbozo por conter moitas deficiencias respecto a delimitación real do monte.

Segundo. O obxecto da revisión do esbozo son os seguintes MVMC:

- Setados. Clasificación do 05.12.80 e unha superficie de 30,00 has.
- Cachadiña. Clasificación do 29.11.00 e unha superficie de 3,50 has.
- Aspra. Clasificación do 29.11.00 e unha superficie de 1,80 has.

Segundo os datos do Sistema Rexistral Forestal non consta superficie de xestión pública e dispón dun documento simple de xestión inscrito no Rexistro de montes ordenados de Galicia co núm. 360279. Asemade, non constan actos de disposición que modifican o perímetro e superficie do MVMC.



Terceiro. A superficie e perímetro da revisión do esbozo desagregada por montes:

- Cachadiña. Superficie de 2,47 has e perímetro 944 m
- Aspra. Superficie de 1,76 has e perímetro de 755 m
- Setados. Composto polos Montes Medans, Daquel Cabo e Carreiroute. A superficie de 17,76 has e un perímetro de 4.050 m.

Coa proposta de revisión do esbozo achegada e o indicado na memoria técnica queda definido do seguinte xeito:

ID MONTE 2619:

Monte: Setados

Superficie: 17,76 has

Linde Norte: Montes de Santiago de Ribarteme

Linde Sur: Río Miño

Linde Leste: Montes de Vide

Linde Oeste: Montes de As Neves

ID MONTE 2923:

Monte: Cachadiña

Superficie: 2,47 has

Linde Norte: Camiño que vai de Pedrouzán a Carboeira e muro de pedra granítica que pecha coas propiedades particulares.

Linde Sur: Camiño de Pedrouzas a Castro e antigos de pedra que están sobre o terreo que delimitan coas propiedades particulares.

Linde Leste: Con propiedades particulares e os lindes están ben definidos por muros de pedra.

Linde Oeste: Con propiedades particulares e os lindes están ben definidos por muros de pedra.

Monte: Aspra

Superficie: 1,76 has

Linde Norte: Camiño de acceso a propiedades e muro de pedra granítica que pecha coas propiedades particulares

Linde Sur: Río Termes

Linde Leste: Río Termes

Linde Oeste: Muro de pedra que delimita as propiedades particulares.



Cuarto. O 30.11.2022, o Xurado provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Setados (As Neves), Exped.: RE22011, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño de 2012, de montes de Galicia.

Consideracións Legais e Técnicas

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

<1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión total ou parcial, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade.

2. Para estes efectos, o xurado provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no Diario Oficial de Galicia para o resto de posibles interesados.

4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.

5. Se durante a revisión ou a marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñerase fin ao procedemento, dentro do perímetro cuestionado, sen máis trámites. Este acordo de finalización e arquivo parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudir á vía xurisdiccional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia.>

Segunda. A revisión do esbozo dos montes "Setados, Cachadiña e Aspra" proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola CMVMC de Setados e queda definido consonte os datos reflectidos no feito terceiro, e a documentación achegada."



Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo dos montes veciñais denominados Setados, Cachadiña e Aspra e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo dos montes veciñais denominados Setados, Cachadiña e Aspra clasificados a prol da CMVMC de Setados (As Neves), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada polo mesmo.

Antonio Crespo Iglesias

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común
de Pontevedra

sinatura dixital



CVE: QbuKFI1Fmch15
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



ala 1:10.000 (etrs89)

Xaneiro 2024

Revisión de esbozo
Monte: ID 2916 e 2923 - Pertenza: ID 2743
Expte.: RE22011

CMVMC de SETADOS
Concello As Neves



CONSELLERÍA
DO MEDIO RURAL
Dep. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes

